

CRITERIOS XERAIS PARA A SELECCION .DE FUNCIONARIOS INTERINOS

I.- REQUISITOS PARA A CONVOCATORIA:

Poderán convocarse para a súa cobertura interina as prazas nas que concorran as seguintes condicións:

- 1ª) Que se trate de vacantes reservadas a funcionarios.
- 2ª) Que estean dotadas presupostariamente.
- 3ª) Que figuren incluídas na oferta de emprego, salvo as realmente producidas con posterioridade á aprobación desta ou nos supostos de substitución de funcionarios con reserva de praza.
- 4ª) Que non sexa posible, coa urxencia esixida .polas circunstancias, a prestación do servizo por funcionario de carreira.

As prazas así cubertas deberán incluírse necesariamente na primeira convocatoria de provisión de postos de traballo ou na primeira e sucesivas ofertas de emprego público que se aprobe, a non ser nos supostos de substitución de funcionarios con reserva de praza.

II. -O SISTEMA SELECTIVO:

O procedemento deberá posibilita-la máxima axilidade na selección, sen prexuízo do respecto ós principios de mérito, capacidade e publicidade da convocatoria, axustándose os criterios que se establecen na presente resolución.

A selección dos aspirantes efectuarase mediante os sistemas de concurso ou concurso-oposición segundo sexa o máis axeitado para cada caso en concreto.

III.-CONVOCATORIA:

A competencia para a convocatoria, nomeamento e cese deste persoal corresponde ó Alcalde-Presidente da Corporación, segundo as presentes disposicións.

A convocatoria será publicada no taboleiro de edictos da casa do concello e no Boletín Oficial da provincia. En casos de especial urxencia poderase substituír a publicación no boletín oficial da provincia pola publicación, en extracto, nun periódico de difusión provincial.

Na convocatoria faranse constar os requisitos mínimos para poder participar nas probas e sinalarse o prazo, para a presentación das solicitudes. A acreditación dos requisitos para participar poderá solicitarse con carácter previo á valoración dos elementos polos que se xulgue a aptitude dos aspirantes. Estas condicións ou requisitos deberán ser necesariamente iguais ós esixidos para acceder como funcionario de carreira ás mesmas prazas.

Os aspirantes deberán presentar xunto coa solicitude, e en todo caso antes da finalización do prazo de presentación de instancias, a documentación en orixinal ou copia compulsada, acreditativa dos méritos que aleguen, establecidos na convocatoria.

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde dictará resolución declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos. En tal resolución, que se publicará no taboleiro de edictos da casa do concello indicarase, se é o caso, a causa de exclusión concedendo un prazo de dez días hábiles para a corrección de defectos. O lugar e data de comezo das probas ou exercicios, no caso en que se celebren, anunciarase no taboleiro de edictos da casa do concello.

IV.-TRIBUNAIS CUALIFICADORES:

Os tribunais cualificadores estarán integrados polos seguintes membros:

Presidente: O da corporación ou concelleiro en quen delegue.

Vocais:

- * Un concelleiro da Oposición.
- * Un delegado de persoal.
- * Un funcionario con responsabilidade na área á que pertenza o posto.
- * Un técnico ou especialista na materia, designado preferente entre funcionarios do Concello.

Secretario: O da Corporación ou funcionario en quen delegue.

Os vocais do tribunal deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas. No caso que ningún delegado de persoal posúa a titulación necesaria, designarase a un funcionario de carreira que cumpra dita condición.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten, e toma los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo.

V.- MERITOS, PROBAS E SISTEMA DE CUALIFICACION:

Os criterios obxectivos que servirán de base á selección serán os seguintes:

a) Expediente académico: Ata 2 puntos. .

b) Experiencia profesional: Ata 5 puntos, de acordo co seguinte baremo:

* Servicios prestados no Concello de Nigrán en posto análogo: 0,15 puntos/mes.

* Servicios prestados noutras administracións en posto análogo: 0,10 puntos/mes.

* Servicios prestados con anterioridade á Administración en outros postos ou en situación distinta á de funcionario de carreira: 0,05 puntos/mes.

c) Titulacións ou certificados de estudos que teñan relación coas funcións a desempeñar: ata 3 puntos, distribuídos da seguinte maneira:

c.1) Por cada curso de formación ou perfeccionamento realizado con aproveitamento impartido polas administracións públicas, universidade ou INEM e relacionado cos funcións propias da categoría: 0,20 puntos/curso. Máximo 1 punto.

c.2) Por posuír unha titulación académica distinta e independente da requirida na convocatoria como requisito imprescindible para o acceso:

* Título de doutor: 2,00 puntos.

* Título de licenciado ou equivalente: 1,50 puntos.

* Título de diplomado universitario ou equivalente: 1,00 puntos.

* Título de bacharel superior ou equivalente: 0,50 puntos..

* Graduado escolar ou equivalente: 0,25 puntos. Só se computará a titulación de máis nivel das alegadas.

d) Polo coñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grao superior

alegado).

* En grao de iniciación: 0,50 puntos. .

* En grao de perfeccionamento: 0,75 puntos.

Só se concederá validez, polo que a acreditación do galego se refire, ós cursos ou titulacións homologadas pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación Ordenación Universitaria.

e) Ademais dos méritos indicados poderán incluírse na convocatoria outros máis específicos en relación coas tarefas a desempeñar, incluídas entrevistas curriculares, con indicación da puntuación que lles corresponde, ata un máximo de 1,25 puntos.

Se con anterioridade Concello convocara probas de acceso ás Escalas, Subescalas e Clases de que se trate, darase preferencia a aqueles aspirantes que teñan aprobado algún exercicio das ditas probas, podendo constituir este o único criterio aplicable para a selección. En todo caso terase en conta, primeiro, o maior número de exercicios superados, e entre os que se estean en igualdade de condicións primarase a maior puntuación.

Na convocatoria tamén poderán preverse, cando se considere necesario, probas que permitan determinar con maior precisión a aptitude dos aspirantes.

A puntuación máxima a obter no conxunto de estas probas non superará os 8 puntos. Unicamente terán carácter eliminatorio cando a súa directa relación coas funcións a desempeñar así o determine.

Na convocatoria poderá preverse a necesidade de alcanzar unha puntuación mínima para ser nomeado.

VI.-PROPOSTA DE NOMEAMENTO:

Terminada a cualificación dos aspirantes, o tribunal formulará a proposta de nomeamento, non podendo incluír un número de aspirantes superior ó das prazas convocadas. Tal proposta publicarase no taboleiro de edictos da Casa do Concello e elevarase á Presidencia da Corporación para que dicte as resolucións pertinentes.

VII.-NOMEAMENTO E CESE:

A vista da proposta o Alcalde requirirá ós aspirantes seleccionados para que presenten os documentos acreditativos de reuní-las condicións que para tomar parte no proceso selectivo, se non lle foron esixidos con anterioridade.

Na resolución do nomeamento deberá figura-la obrigatoriedade de que o persoal nomeado dea cumprimento, dentro do prazo posesorio ó establecido no art. 10 da Lei 53/1984, de 26 de decembro e art. 13 do R.D. 598/1985, de 30 de abril.

No departamento de persoal do Concello existirá un Rexistro de funcionarios interinos.

O persoal interino cesará cando a praza se ocupe por funcionario de Carreira con carácter definitivo ou por medio. dunha adscripción especial, ou a Corporación considere que desapareceron as razóns de urxencia que motivaron a cobertura interina o desapareza a praza da relación de postos de traballo.

VIII.- NORMAS SUPLETORIAS:

En todo o non previsto por estas bases estarase ó disposto na convocatoria correspondente e, sempre que resulten axeitadas ó caso, rexerán como supletorias as bases e normas para a selección de funcionarios de Carreira.

IX.- DISPOSICIONADICIONAL:

Naqueles casos nos que as características peculiares dos postos así o aconselle, poderanse someter ó Pleno, para a súa aprobación, Bases Específicas. para a selección dos correspondentes funcionarios interinos. En tal caso, as referidas Bases terán carácter preferente sobre os Criterios contidos na presente Resolución, sen prexuízo de que estes criterios se apliquen en todo aquilo que non se opoña o previsto nas mencionadas Bases.